

Estadística de construción de edificios. Marzo 2007

COMUNICADO

A variación neta do parque de vivendas creceu un 54,8% nos tres primeiros meses de 2007.

En marzo de 2007 a variación neta do parque de vivendas aumentou un 29,2% con respecto a marzo de 2006

A variación neta do parque de vivendas en marzo de 2007 foi de 4.338 unidades, supoñendo un aumento do 29,2% fronte ao rexistrado en marzo de 2006. No que vai de ano o crecemento con respecto ao mesmo período do ano anterior é do 54,8%.

Este forte crecemento de marzo de 2007 débese ao crecemento das vivendas a crear en nova planta, que presenta unha taxa interanual de 30,3%. As vivendas a crear en rehabilitación, que descenden un 8,9%, e as vivendas a demoler, que crecen un 20,5%, minoran o crecemento do parque de vivendas.

Estadística de construción de edificios. Marzo 2007.

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Superficie total. Nova planta. (miles de m ²)	814	35,4%	51,8%
Variación neta parque de vivendas (número)	4.338	29,2%	54,8%
Vivendas a crear			
Vivendas a crear en nova planta	4.373	30,3%	59,6%
Vivendas a crear en rehabilitación	112	-8,9%	-43,2%
Vivendas a demoler	147	20,5%	31,7%
Datos corrixidos de efecto calendario			
Superficie total. Nova planta. (miles de m ²)	819	41,5%	52,3%
Vivendas a crear en nova planta	4.399	35,9%	60,2%

Fonte: IGE, Ministerio de Fomento. Estadística de construción de edificios


A superficie total da edificación de nova planta creceu un 35,4% en marzo de 2007 con respecto ao mesmo mes do ano anterior

En marzo de 2007 a superficie total a edificar presenta unha taxa de variación interanual do 35,4%, crecemento que se observa tanto na superficie destinada a vivenda, taxa interanual do

34,5%, como na non residencial que mostra un aumento interanual do 18,9%. Corrixida de efecto calendario a superficie total tamén aumenta un 41,5%.

No que vai de ano o crecemento da superficie total de nova planta é do 51,8% con respecto ao mesmo período de 2006, en termos de datos corrixidos de efecto calendario o crecemento acumulado nos tres primeiros meses de 2007 é dun 52,3%.

No seguinte gráfico pódese observar a evolución da taxa de variación interanual da superficie total de edificios de nova planta dende 1996.



Fonte: IGE, Ministerio de Fomento. Estadística de construción de edificios

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>